

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE LA RIOJA, A FUNDACIÓN DIALNET, E A CONSELLERÍA DE SANIDADE DA XUNTA, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DIALNET PORTAL DA INVESTIGACIÓN

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde, a Consellería de Sanidade e a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (en diante, ACIS) formalizaron coa Universidade de La Rioja e a Fundación Dialnet o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia de 4 anos contados a partir da data da súa sinatura, con posibilidade de prórroga.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e ACIS e a Universidade de La Rioja, a través da súa Fundación Dialnet, no proxecto "Dialnet Portal de la investigación", coa fin de elaborar un portal web da investigación do sistema galego de saúde que recolla e faga visibles os resultados das diferentes actividades da investigación que se desenvolvan nas mesmas, e deste modo incrementar o seu impacto científico-técnico. A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde encomendan á súa vez a ACIS o desenvolvemento das actividades previstas para o cumprimento dos compromisos adquiridos a través deste instrumento.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución dos obxectivos referidos.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Universidade de La Rioja ten desenvolvido o proxecto Dialnet, que é un proxecto de cooperación bibliotecaria que facilita o acceso á produción científica no eido hispano a partir da recompilación das fontes de información nas que a dita produción se publica, e que integra distintos recursos e servizos documentais que se prestan de forma libre e gratuíta a través de internet a calquera usuario/a. A través da Fundación Dialnet, a universidade puxo en marcha tamén un novo proxecto denominado "Dialnet Portal de la investigación", o cal ten por obxectivo presentar e facilitar o acceso ao conxunto de resultados da investigación que se realiza nas universidades e institucións que desenvolven actividades de I+D+i no territorio nacional, e que desexen participar neste proxecto.

Pola súa banda, ACIS é unha axencia pública autonómica adscrita á Consellería de Sanidade, que ten entre os seus fins xerais e obxectivos básicos actuar, en réxime de descentralización funcional, como instrumento de xestión, fomento e coordinación da investigación nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, e a coordinación e o impulso da actividade innovadora da citada consellería e do Servizo Galego de Saúde.

É por iso que, en base ás súas competencias, as institucións asinantes entenden que o Portal da investigación constitúe unha infraestrutura básica para comunicar e dar difusión aos resultados das actividades científicas que se desenvolven; facilitar o acceso ás publicacións e aos datos da investigación, mellorando a reproducibilidade da investigación e contribuíndo aos obxectivos da ciencia aberta; establecer unha relación entre o financiamento público da investigación e os seus resultados realizando un exercicio de transparencia; e mellorar a visibilidade e o impacto da institución.

Ante isto, e dado que a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, regula a posibilidade de que os axentes públicos do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación poidan subscribir convenios con outros axentes públicos ou privados que realicen actividades de investigación científica e técnica para a realización conxunta de actividades de divulgación científica e tecnolóxica (entre outras), as partes asinantes formalizan mediante o presente convenio os obxectivos, actividades e medios para o desenvolvemento dos compromisos adquiridos por cada unha delas.

As razóns de interese público que constitúen o obxecto do convenio, así como os intereses converxentes das partes asinantes (en tanto que as accións previstas constitúen unha vía para a consecución dos fins que teñen atribuídos), exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

